

INFORMACIÓN AOS  
MEDIOS

**OS CIDADÁNS PODERÁN CONSULTAR PREDICIÓNS  
METEOROLÓXICAS PARA CALQUER LUGAR DE GALICIA MEDIANTE  
UNHA APLICACIÓN DE METEOGALICIA PARA OS SEUS MÓBILES**

- ***A aplicación permite buscar sobre un mapa e tamén polo seu nome os lugares e entidades xeográficas sobre as que se desexa consultar a predición***
- ***Para usuarios máis avanzados e para facilitar o desenvolvemento doutras aplicacións, está dispoñible un servizo web (API) que proporciona a información en diversos formatos de fácil procesamento ou incluso directamente inserible noutras páxinas web***
- ***Toda a información sobre a aplicación e o servizo web pode consultarse en***  
**<http://www.meteogalicia.es/web/proxectos/meteosix.action>**

**Santiago, 31 de xaneiro de 2012.-** A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a través do proxecto MeteoSIX coordinado por MeteoGalicia, vén de poñer en marcha unha aplicación para informarse das predicións meteorolóxicas en móbiles con sistema Android. Os usuarios poderán, así, consultar dende o seus dispositivos móbiles predicións para calquera lugar de Galicia á medida das súas necesidades. Neste proxecto tamén colaboraron o Grupo de Arquitectura de Computadores da Universidade da Coruña (UDC), o Laboratorio de Sistemas da Universidade de Santiago de Compostela (USC) e o Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA).

O sistema proporciona dúas vías de acceso á información. Por unha parte, no Android Market está dispoñible de balde a aplicación “MeteoSIX Mobile”, que ofrece aos usuarios a posibilidade de consultar e personalizar a predición meteorolóxica e oceanográfica para os seus lugares favoritos. A aplicación permite buscar sobre un mapa e tamén polo seu nome os lugares e entidades xeográficas sobre as que se desexa consultar a predición. Para cada lugar poden seleccionarse as variables de predición que máis interesen.

Por outra parte, para usuarios máis avanzados e para facilitar o desenvolvemento doutras aplicacións, está dispoñible un servizo web (API) que proporciona a información en diversos formatos de fácil procesamento ou incluso directamente inserible noutras páxinas web.

Cómpre sinalar que toda a información sobre a aplicación e o servizo web pode consultarse en <http://www.meteogalicia.es/web/proxectos/meteosix.action>

### **O proxecto MeteoSIX**

MeteoSIX nace en decembro de 2009 coordinado por MeteoGalicia e coa participación do Grupo de Arquitectura de Computadores da UDC, o Laboratorio

**INFORMACIÓN AOS  
MEDIOS**

de Sistemas da USC e o CESGA. Está financiado polo Plan Galego de I+D+i INCITE da Xunta de Galicia en colaboración co proxecto Interreg RAIACO, Observatorio Oceánico da Marxe Ibérica.

Os obxectivos do proxecto son dotar a MeteoGalicia dunha Infraestrutura de Datos Espaciais (IDE) para o acceso aos datos meteorolóxicos e oceanográficos e proporcionar canles de acceso á información axeitadas para o maior número posible de usuarios.

SAÚDOS,  
GABINETE DE COMUNICACIÓN DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,  
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS